

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN
Á PARÁLISE CEREBRAL E AFÍNS **AMENCER-ASPACE**.

En Pontevedra, a 17 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. **CARMEN POMAR TOJO**, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o DECRETO 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estructura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Da outra, Don **CARLOS GODOY CASALDERREY**, presidente da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE, con CIF G-36153757, con domicilio fiscal en Avda. das Camelias s/n Urbanización Pontemuiños – Lourizán en Pontevedra.

EXPOÑEN

- Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con parálise cerebral.

3. Que a Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins e actividades os seguintes:

a.- *"Facilitar no posible os medios adecuados para que os disminuídos psico-físicos, adquiran os coñecementos e aptitudes necesarios para a súa integración na sociedade.*

b.- *Prestar a colaboración e axuda precisa para a promoción cultural, xestión de empregos, incorporación a cursos profesionais ou culturais ou calquera outra colaboración de similares características.*


c.- *Axudar a impulsar a recreación do espírito, mediante asistencia a espectáculos, organización do tempo libre, deportes ou calquera outra actividade de similar natureza.*

d.- *Axudar a que non carezan de medios de rehabilitación, asistencia sanitaria, medios de transporte nin calquera outro medio preciso para o cumprimento dos fins asociativos.*

e.- *Contribuír á mentalización da sociedade, para que tome a conciencia da necesidade da integración social dos beneficiarios a través de publicacións, conferencias ou calquera outro medio de divulgación.*

f.- *Manter contacto con outras Asociacións que teñan fins análogos, intercambio de ideas, e coñecementos para un mellor logro das súas actividades.*

g.- *Colaborar e axudar na adopción de toda clase de medidas e medios que poidan aportar algunha utilidade para a consecución dos fins que tendan a proporcionar maiores*



posibilidades para a súa integración social, tales como: centro de educación especial, centro de día, programa de atención a domicilio, centro ocupacional, centro especial de emprego, centro de atención temprá, residencia, centros de formación, centro sanitario, centros sociais, centros de ocio ou de calquera outra índole no que o fin último sexa a mellora da calidade de vida do colectivo, das súas familias e da sociedade en xeral.

h.- Promover a formación específica nos ámbitos educativo, sanitario e asistencial co fin de lograr unha reciclaxe profesional de carácter permanente”.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temprá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con parálise cerebral.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con parálise cerebral e afíns.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con parálise cerebral e afíns que recibe apoio da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado con parálise cerebral.
2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con parálise cerebral.
3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional facilitará a colaboración do persoal profesional da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con escolarización de alumnado con parálise cerebral.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

- a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con parálise cerebral escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como ós centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias. A colaboración da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE na atención ao alumnado con



parálise cerebral, no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado con parálise cerebral, co seu profesorado e coas súas familias.

b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado con parálise cerebral.

c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado con parálise cerebral.

Cuarta. Características da colaboración do persoal da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da *Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE* e as familias do alumnado con parálise cerebral establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da *Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE* en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da *Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE* nos centros docentes, entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con parálise cerebral; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación



laboral coa Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. *Liñas de colaboración que a Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE xa está levando a cabo e das que se poden beneficiar centros docentes:*

- a.- Impulsar o coñecemento dos servizos e recursos que pode ofrecer o CRA (Centro de recursos e asesoramento pedagóxico) do CEEPR Amencer-ASPACE entre os centros docentes da provincia de Pontevedra que teña ou non escolarizados alumnado con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns.
- b.- Facilitar asesoramento na atención educativa e apoio técnico a centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.
- c.- Favorecer a colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns.
- d.-Proporcionar a demanda dos centros accións formativas concretas e información naqueles aspectos que o persoal destes centros docentes requira en relación á intervención con alumnado con parálise cerebral e /ou patoloxías afíns.
- e.- Desenvolver actividades dinamizadoras e de educación en valores a través do xogo e do achegamento a novas realidades a través dos proxectos de “Inclusión á Inversa” ou “Ponte no meu Lugar” entre alumnado con necesidades específicas de apoio educativo afectados de parálise cerebral e patoloxías afíns e alumnado sen discapacidade, impulsando a transformación social cara a igualdade e inclusión plena de todas as persoas dende as idades más temprás as mais adultas.
- f.- Sensibilizar sobre as necesidades da diversidade funcional colaborando cos centros de formación profesional, xerando contextos naturais de aprendizaxe entorno á diferencia, as necesidades particulares dos rapaces e rapazas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, nos que facilitar o desenrollo da capacidade de empatía e o coñecemento do outro.
- g.- Dar a coñecer a posibilidade que AMENCER-ASPACE ofrece de deixar en préstamo diverso material de apoio antes de mercalo ben por parte das familias ou da propia administración.



Sexta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sétima. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Oitava. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.
3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:
 - a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
 - b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
 - c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo..
 - d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas partes.

Novena. *Interpretación do convenio*

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Décima. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumplir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Undécima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumplir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Duodécima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2019/20, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado,

por mutuo acordo das partes, mediante a subxcripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL,	ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN Á PARÁLISE CEREBRAL E AFÍNS AMENCER-ASPACE
A CONSELLEIRA, 	O PRESIDENTE,
Carmen Pomar Tojo	Carlos Godoy Casalderrey